

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MUROS O 22 DE FEBREIRO DE 2018**

Hora de comezo: 20.30 h

Hora de remate: 21.30 h

Asisten:

Alcaldesa:

Da. M<sup>a</sup> Xosé Alfonso Torres (CxG)

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández.(CxG)

D. José Antonio Uhía Martínez (CxG)

Da. M<sup>a</sup> Inés Monteagudo Romero (PP)

D. José Vázquez Rama (PP)

D. José Ángel Hermida Simil (PP)

Da. Caridad González Cerviño (PSOE)

D. Enrique Riomayor Caamaño (PSOE)

Da. M<sup>a</sup> del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

Da. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Manuel María García Fernández (BNG)

Dna Paula Simal Mayo(BNG)

Ausente:

Da. Alianza Uhía Patiño (PP)

**ORDE DO DÍA**

**A) PARTE RESOLUTIVA**

1. Aprobación *ope legis* dos borradores/minutas das sesións que deseguido sedetallan, no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986):

a) Minuta/Borrador da sesión celebrada o 25 de xaneiro de 2018: N<sup>o</sup>1/2018.

Non existindo alegacións que facer á acta da sesión anterior, queda aprobada coa abstención de D. Enrique Riomayor(por ausencia na sesión anterior) e os votos a favor do restantes membros do Pleno presentes.

**DA COMISIÓN DE EDUCACIÓN, CULTURA, DEPORTE E XUVENTUDE**

2. APOIO Á SOLICITUDE DE POSTA EN FUNCIONAMENTO DUNCICLOSUPERIOR DE ANIMACIÓN DE ACTIVIDADES FÍSICAS EDEPORTIVAS NO IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA.

**DA COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL, MULLER E SANIDADE**

### 3. PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE.

Antes do debate destes asuntos, segundo indicacións da Secretaría municipal, a alcaldesa somete a votación a súa inclusión na Orde do Día da sesión, ao tratarse de asuntos incluídos nesta sen o preceptivo informe da Comisión informativa correspondente. Esta cuestión trátase conxuntamente para ambos puntos.

Da. Caridad González intervé: “Tiñan que terse celebrado as comisións. Na convocatoria non se indicou outra hora se non había quórum na primeira.”

A alcaldesa contéstalle: “Por lei é unha hora máis tarde e que tampouco había quórum. As Comisións informativas correspondentes foron convocadas en tempo e forma e só estivemos dúas persoas xa que a representación do BNG e do PSOE non asistiu. Un funcionario chamoulles aos que estaban convocados e non podían acudir polo que as informativas non se celebraron. Un dos puntos a tratar era importante traelo a este Pleno para facer a petición a tempo.”

Da. Inés Monteagudo intervé a continuación: “O Pleno do mes de marzo vai ter que adiantalo polo xoves santo, non é esperar tanto tempo. Temos unhas cuestións que queriamos tratar na comisión informativa”

Sometido o asunto a votación, votan a favor da inclusión dos puntos na Orde do Día, os integrantes do g. m. de CxG (3) e do BNG (2), e en contra o resto dos integrantes presentes no Pleno (7).

Ao non ter sido ratificada a inclusión dos puntos na Orde do Día, non poden ser debatidos.

### **B) PARTE DE CONTROL E SEGUIMIENTO DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

4. Dar conta para coñecemento das Resolucións da Alcaldía: da N° 1/2018 de 02/01/2018 á 107/2018 de 31/01/2018 (incluídas). E das Xuntas de Goberno Local n° 32 de 22/12/2017, n° 33 de 29/12/2017 e n° 1 de 25/01/2018.

O Pleno queda enterado.

### **5. Mocións**

A alcaldesa pregunta se algún grupo quere introducir por urxencia algunha moción, presentando o voceiro do BNG unha sobre a folga do 8 de marzo.

Da. Paula Simal, integrante do BNG, xustifica a urxencia da moción explicando: “Presentamos esta moción como urxente porque cando foi convocada a folga xa non había prazo para presentala.”

Da. Inés Monteagudo manifesta na súa quenda: “Outras veces o BNG votou contra a inclusión por urxencia doutras cousas e se nos baseamos nestes precedentes, todos e todas sabiamos que o 8 de marzo era o Día da Muller Traballadora, é unha efeméride con día fixo.”

Da. Caridad González, voceira do BNG, intervé e solicita informe da Secretaría acerca de se o contido da moción permite o seu trato neste Pleno. Manifesta tamén: “Concordamos co PP que en canto á urxencia todos e todas

sabemos cando é o Día da Muller Traballadora e seguindo a política do BNG nestes casos, deberá de quedar encima da mesa.”

Da. Paula Simal volve a intervir: “Non é unha efeméride senón unha convocatoria de folga xeral e se non o cren importante non o traten.”

A secretaria informa que o contido da moción, que en realidade é instar a unha declaración institucional, non esixe informe de Secretaría nin de Intervención nin o seguimento dun expediente que non permita o seu tratamento neste acto.

A Sra. alcaldesa somete a votación a urxencia da moción, votando a favor desta o g.m.CxG (3) e o BNG (2), e en contra o g.m. do PSOE (4) e PP(3). Non obténdose a maioría absoluta legalmente esixida para esta declaración de urxencia, o punto non pode ser tratado.

## **6. Rogos e Preguntas**

Inicia as intervencións Da. Inés Monteagudo, voceira do g.m. do PP:

-Rogos:

Sra. Alfonso, en primeiro lugar queremos pedirlle que por favor conteste ás preguntas que facemos, traemos a este Pleno cuestións que nos formula a veciñanza, que se senten *ninguneados* porque vostede non contesta aos temas que lle formulamos.

Entroido, queremos en primeiro lugar dar a nosa máis sincera noraboa á todas as comparsas, grupos e persoas, que dun ou outro xeito, fan que o Entroido muradán siga sendo un dos mellores da comarca. Unha vez dito isto, non podemos deixar de mencionar as novidades incluídas polo goberno local nas bases do concurso de comparsas deste ano, que suscitaron tanta polémica. Pedíase que as comparsas nomeasen unha persoa representante, quen tiña que asinar un compromiso, polo que se responsabilizaba de que os membros da comparsa non inxerisen bebidas alcohólicas nin interactúasen directamente co público, e que asuman as consecuencias que puideran resultar. Supoñemos que se refiren ao desfile, que tampouco o din.

Nós entendemos que o Concello pode poñer por suposto unhas normas a cumprir polas persoas participantes nesta ou noutra calquera actividade, o que non parece de recibo é facer responsable a unha persoa do que fan outras, coas que unicamente as une o feito de participar na mesma comparsa.

Menos mal que este ano foi o público o que interactuou coas comparsas, e non ao revés, senón todas as comparsas participantes terían que asumir as consecuencias. Rogámoslle que pensen ben as normas que poñen porque se non isto vai ser un sen vivir.

Queríamos preguntar se teñen previsto cambiar a data do Pleno de marzo, que coincidiría en xoves santo.

Vimos na prensa que o Pleno extraordinario para o nomeamento do Sr. Gestal como fillo predilecto e entrega da medalla da Vila de Muros está previsto para o día 1 de abril. Indicou vostede no Pleno pasado que a organización do acto faríase contando cos catro grupos, e gustaríanos saber como vai contar cos grupos, ou se nos imos ir enterando das cousas no periódico.

Estase facendo o mantemento do cemiterio da Atalaia?

Teñen data para o inicio das obras no lugar de Torea?

Acceso Portugalete, temos noticias de que varios vehículos danaron as rodas na rúa de Portugalete, onde se localizan pedras e outros materiais nos bordos da rúa. A ver se poden mirar este tema e adoptar algunha solución.

Hai xa meses que o paseo de Louro está sen luces. Teñen pensado repoñelas?

Compromiso por Galicia está pedindo noutros concellos un censo de persoas maiores que vivan soas, supoñemos que aquí xa o estarán facendo, parécenos unha boa idea, e gustaríanos que nos dixera algo ao respecto.

Na XGL do 29/12/2017 (núm. 33) aprobaron dentro da orde do día unha relación de facturas (F-2017-70) por importe de 60.540,60 euros, e fóra da orde do día unha relación de facturas (F2017-68) por importe de 127.363,50 que non achegan. Pedímoslle por favor que nolas envíen por correo electrónico.

O goberno local acaba de iniciar un proceso de regularización e revisión das terrazas existentes nos locais de hostalería do noso concello. Din que van revisar os aspectos que poidan causar molestias á cidadanía. A nós o que nos parece que hai que revisar é a ordenanza, porque a verdade é que hai cuestións nas que non parece adaptarse moito ás características do noso concello. Pensamos que se debería aproveitar esta revisión para facer unha análise da problemática que presentan e tratar de buscar solucións. Cando se fala de promocionar turisticamente o noso concello non se pode esquecer que a hostalería é un dos pés do sector turístico, e a promoción sen soporte de establecementos de aloxamento e restauración perdería bastante. Valoren a posibilidade de facer esa análise.

Con permiso da presidencia queremos dicir, en relación ao 8 de marzo, vaise celebrar o Día Internacional da Muller Traballadora. Estanse a facer diferentes convocatorias para celebrar este día, nós, dende as nosas posibilidades, imos render unha pequena homenaxe ás muradás traballadoras, lanzando un vídeo que recolle imaxes de varias mulleres que traballan en distintos sectores no noso concello. É noso tributo a todas as muradás.

Hoxe publicouse o anuncio de inicio do expediente de rectificación do deslinde en Esteiro, este foi un tema no que traballaron varias corporacións, e polo que nós tamén nos interesamos cando estivemos en Costas, acadando o compromiso de poñelo en marcha dunha vez. Así foi, e o que lle pedimos é que axilicen na medida do posible este asunto na parte que lle toca ao concello, e se brinden á veciñanza para axudarlles no que poidan.”

A Sra. alcaldesa contesta: “Creo que contesto todas ou case todas as preguntas.As bases do Entroido sobre interactuar co público e non beber alcohol, paréceme de sentido común que non se poida beber alcohol durante o desfile ou concurso porque hai menores gozando del e persoas que non calculan ben a cantidade de alcohol que poden tolerar e pode haber problemas. En canto a interactuar, non se prohibiu senón que se deixaba claro que se se facía, a comparsa, a través da súa representación sería responsable das consecuencias que puidera haber.

O cambio do Pleno de marzo mirarémolo e se se pode consensuarase.

Respecto a do fillo predilecto, dende o goberno municipal non se dixo nada de que sería o día un. Puxémonos en contacto con vós para saber se se facía o sábado pola tarde ou o domingo pola mañá. Falouse co homenaxeado e prefería o día 1 e enviounos unha nota ao respecto que a remitiremos para consensuar.

En canto ao mantemento do cemiterio de Atalaia, estou a facer a brigada.

O inicio de Tores, falta un último trámite, pois houbo unha oferta en baixa temeraria e ten que o técnico informar a xustificación que aquela presentou.

As pedras de Portugaleta, a Policía Local foi xa alí.

As luces de Louro, están pendentes da brigada.

Censo de persoas maiores, valorarase facelo. É importante telas localizadas.

Enviaremos a relación de facturas que di.

Sobre a revisión da Ordenanza, é de 2014 e en principio imos seguir con ela. Se queredes revisar algo, mirámolo e se hai acordo modificarase.

Sobre a atención á veciñanza, procurámolo facer sempre.”

Intervén seguidamente a voceira do PSOE, a Sra. González:

“O camiño de Liñares está para limpar e tamén as rexas. Diante da panadería de Esteiro hai ocos que se deben de arranxar. Cando se van a arranxar os ocos da praza do concello feitos coa colocación da carpa do Entroido? Hai danos na pedra e leva pouco tempo posta. Non debería de volver a pasar.

Respecto ás facturas que di o PP, dicimos o mesmo, as cantidades son importantes e non se mandou copia das facturas.

Tampouco temos os reparos da Intervención que lle pedimos noutro pleno.

Na XGL de 22 de decembro aprobáronse varias facturas de Espina y Delfín. Estas facturas vanse a pagar ou váiselle a descontar da débeda que ten co Concello?

No Decreto 9/2018, a interventora repara outra vez a nómina. Quería velo e saber por que o repara.

Cando se vai facer o orzamento?

Moita xente di se é posible colocar unha varanda no camiño novo, no centro hai perigo.

Respecto ao deslinde de Esteiro, é un traballo que fixeron os asesores anteriores deste Concello, é un traballo moi importante. Que comunicación ten o Concello? Crearase unha oficina para informar á veciñanza?

Respecto ao polígono, queremos pedir que se limpe a parte que lle toca ao Concello porque está moi danada.

Queremos saber se se fixeron antes do traspaso da Presidencia da Mancomunidade de Auga, xestións co de Espina e Delfín.

Respecto ao das terrazas, queremos saber cantos expedientes sancionadores hai abertos no Concello de Muros pola colocación de carpas. Queremos que se lles comunique o que teñen que facer para colocar ben as carpas, supoñemos que se está estudando tamén o tema das carpas.”

A Sra. Alcaldesa contesta:

“O de Liñares e o oco son recados xa dados.

En canto aos ocos da praza do concello, direillo á brigada que os revisen e quedarán tapados.

Remitirémolles as facturas e os reparos, e tamén o da nómina.

O Orzamento estámolo facendo.

Respecto á colocación da varanda, estámolo vendo e tamén para a subida a San Xosé porque vai moita xente por alí.

Respecto ao parque empresarial, intervén o Sr. Quintela a petición da alcaldesa: “Para a limpeza das parcelas recibíronse dous orzamentos e está pendente dunha RC.”

Continúa a Sra. alcaldesa: “Vostede di que hai un expediente sancionador agora mesmo por unha terraza e o que hai é un expediente aberto por unha colocación de carpa sen autorización. En canto ao de Espina e Delfín, sabe que estamos con Intervención acumulada e hai moito traballo, pero iniciáronse traballos respecto ao tema.”

O representante do BNG expón na súa quenda:

“Rogamos que o goberno adopte unilateralmente os acordos que traemos na moción para o 8 de marzo. Este é un ano especial e vai haber un vento histórico, non houbo antes unha folga xeral de mulleres. Non vemos correcto o que se dixo aquí sobre a urxencia. Cando nós tivemos coñecemento da folga non daba tempo a traer a moción en tempo e forma. Quizá algún grupo non queiradebater estas cosas. A folga vai a ser un feito histórico, esixindo políticas de verdade que acaben coas diferenzas en todos os ámbitos entre mulleres e homes. Queremos que este Concello se adhira.

Continúa:

“Ten interese o goberno municipal na posta en marcha para este verán do Noitebús?

Valoraron algunha alternativa ante a negativa das empresas consultadas a prestar o servizo?

Temos constancia de que na zona de Ventín, en Abelleira, dende o mes de xullo hai instalados na pista 3 contedores de lixo a maiores dos habituais. Ditos contedores están cheos desde o verán e cando pasa o camión de recollida non os baleira. Está o Concello ao tanto da existencia destes. Rogamos que se solicite o servizo de recollida de lixo que os baleire.

E falando de Ventín...falou a Alcaldía coa empresa responsable para que amañe a fochanca provocada polo paso das tubaxes?

Cando se vai retirar o pau da luz da baixada para o campo da festa?

Sobre as obras ilegais na Illa da Creba, queremos saber se o Concello procurou algunha nova sobre as obras ilegais que alí se levaron a cabo.

Queremos saber se o Goberno Municipal ten todo preparado para pór en marcha o proceso de licitación da obra de reforma do Cine París. Rogamos que pola súa urxencia se comece a tramitación o día seguinte á aprobación da subvención por parte da Deputación.

Hai algún avance na dotación de ADSL ás parroquias de Abelleira e Torea?

E na instalación do repetidor de TV en Santa Catalina? Se non se atopa un terreo apropiado e hai unha alternativa como é a de elevar o repetidor actual, por que non se leva a cabo esta opción e se resolve dunha vez este problema?

Como vai a elaboración dos Orzamentos 2018 para que dean normalidade ao funcionamento deste Concello?

Ten interese o goberno en pór en marcha A Mesa Sectorial para a Dinamización do Casco Histórico? Cando se ten previsto a primeira xuntanza?

Vai o Concello arranxar o problema de aparcamento na saída do cruce de Bornalle antes deste verán ou o problema vai continuar un ano máis?

Ten previsto o goberno municipal ampliar o persoal do ximnasio? A sala de máquinas está practicamente sempre sen monitor/a, xa que nin estando o cadro de persoal ao 100 por 100 se cobren todas as necesidades de persoal que ten un centro deportivo como este.

No parque do Furón hai un farol que cando chove dá corrente. Nos bambáns segue a haber un ferro saído bastante perigoso para as crianzas, polo que rogamos que se revise a instalación eléctrica e o estado dos bambáns e rogamos unha vez que se amañe a beirarrúa que pasa por riba do parque.

Rogamos que se arranxen as enormes fochancas na estrada de Canelas en Esteiro.

Rogamos que se arranxe a estrada de Xalfas, que sobretudo nos primeiros vinte metros está intransitable, así como a fochanca da rotonda do Ancoradoiro que volve a estar ao aire un inverno máis.

A Sra. alcaldesa responde: “Desde o Concello facilitaremos que quen queira facer folga o 8 de marzo, a faga. Non se van a facer actos ese día polos Servizos Sociais. Faranse cousas pero outros días.

En canto ao Noitebús para este verán, como sabedes é complicado porque require investimento económico.

Respecto ao lixo en Ventín e Abelleira, van a sacalo xa.

O pau da luz, estamos pendentes da licenza. Había un problema con Costas. Miraremos como está este asunto e comunicarémolos.

As fochancas, falaremos coa empresa para que as tapen estes días.

En canto ás obras ilegais de Creba, seguimos igual, non volvemos a mirar dende o último mes.

A obra do Cine París, estase avanzando todo o que se pode. A Deputación fixo algún requirimento ao proxecto e estase traballando nel.

En canto ao ADSL, hoxe tivemos unha reunión cunha empresa de telecomunicacións e creo que en poucos días nos dirá algo sobre Torea polo menos.

O persoal está traballando no Orzamento e nas Bases de execución.

Temos interese na Mesa Sectorial do conxunto histórico e estase traballando coa Asociación do Casco .

Respecto ao aparcamento de Bornalle, recordaráselle á brigada de obras.

A petición da Sra. alcaldesa, D José Antonio Uhía intervén: “Nonse pode ampliar o cadro de persoal pola normativa estatal. Sanidade obríganos a ter un socorrista durante o tempo de piscina polo que se está alí non pode destinar horas ao ximnasio.”

Volve a tomar a palabra a alcaldesa: “Reparacións do Furón, dirémosllo á brigada de obras porque sobre todo o do farol é preocupante.”

Non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión.

Do tratado nela, dou fe.

A secretaria